

A Pobra de San Xiao (Láncara), 29 de decembro de 2015.- O alcalde, Dario Antonio Piñeiro López

R. 4717

LOURENZÁ

Anuncio

Aprovada a ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE LOURENZÁ, en sesión ordinaria do 17/09/2015, sometida a exposición pública durante trinta días hábiles no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e no Boletín Oficial da Provincia número 233 do 10/10/2015, ábrese o prazo de presentación de solicitudes de AXUDAS PARA ACOLLERSE AO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL 2013-2016 NO A.R.I. DE LOURENZÁ.

A presentación das solicitudes levarase a cabo nas Oficina Municipal de Rehabilitación, nas dependencias municipais, de luns a venres en horario de 8:00 h. a 15:00 h.

Establécese un prazo de tres meses para formular solicitudes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio.

O que se fai público para xeral coñecemento

Lourenzá, 22 de decembro de 2015.- A ALCALDESA, Rocío López García

R. 4697

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16 de decembro de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PASEO INTERIOR DA MURALLA ROMANA. TRAMO TRASEIRA RÚA CLÉRIGOS. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 10UR3105 URBAN Paseo interior da muralla (EXPTE. REF 29-2015)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** obras de ACONDICIONAMENTO DO PASEO INTERIOR DA MURALLA ROMANA. TRAMO TRASEIRA RÚA CLÉRIGOS conforme proxecto elaborado polo arquitecto arquitecto don Oscar López Alba. Esta actuacion incluída no proxecto URBAN (iniciativa urbana) susceptible de poder contar co 80% de cofinanciacion da Unión Europea a traveso do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 10UR3105 URBAN Paseo interior da Muralla

b) Prazo de execución:

O prazo máximo de execución de **DOUS MESES** contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:**

O valor estimado do contrato é de 112.219,71 euros mais o 21% de IVE (23.566,14 euros), polo que o orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de **135.785,85 euros** (CENTO TRINTA E CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS), que inclúe gastos xerais e beneficio industrial

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Condicións especiais de execución: Ver cláusulas décimo sétima e décimo oitava do prego de cláusulas administrativas particulares

7. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

8.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 26 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

10.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

12.- Gastos dos anuncios: 81,25 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 23 de decembro de 2015.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 4718

MEIRA

Anuncio

O artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no "Boletín Oficial do Estado" ou diario oficial correspondente, mandato desenrolado polos artigos 52 a 54 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

De conformidade con seu artigo 54.2 do regulamento a disposición ou acordo de modificación do ficheiro deberá indicar as modificacións producidas en calquera dos extremos que se conteñen en ditos ficheiros.

Dada conta do requirimento de susanación remitido pola Axencia Española de Protección de Datos de data 21 de febreiro de 2014, reiterado o 29 de outubro de 2015, unha vez que se procedeu a inscrición dos ficheiros